

JURADO PROVINCIAL  
DE  
MONTES VECINALES EN MANO COMUN

LUGO

36/79  
F

En la Ciudad de Lugo, a catorce de Diciembre de mil novecientos ochenta y uno, reunidos el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, en la Sala de Juntas del Gobierno Civil, acordó la clasificación como tal del monte "DE ARRIBA Y DE ABAJO", ubicado en el término municipal de Castro de Rey, a tenor de la siguiente resolución:

"Visto en el día de la fecha el expediente para la posible clasificación como en mano común del monte "DE ARRIBA Y DE ABAJO", (expediente 36/79), ubicado en el término municipal de Castro de Rey, promovido por la Administración Forestal y

RESULTANDO que el veintitrés de Julio de mil novecientos setenta y nueve el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común acordó la iniciación y tramitación del expediente para la posible clasificación como tal del monte "DE ARRIBA Y DE ABAJO", designándose como Instructor al Vocal D. Manuel Martínez Garrido,

RESULTANDO que el veintitrés de Julio de mil novecientos setenta y nueve se dictó providencia requiriendo al Ayuntamiento de Castro de Rey para que remitiese:

- a) Certificación del Registro de la Propiedad relativa a la inscripción del monte,
- b) Certificación del Inventario de Bienes Municipales relativa al monte "DE ARRIBA Y DE ABAJO" y
- c) Certificación del Acuerdo municipal sobre el posible Consorcio con la Administración Forestal del monte,

RESULTANDO que el veintitrés de Julio de mil novecientos setenta y nueve se recabó de la Administración Forestal, ICONA, Certificación relativa a si el monte "DE ARRIBA Y DE ABAJO" figuraba incluido en el Catálogo de los de Utilidad Pública de la provincia de Lugo,

RESULTANDO que el veintitrés de Julio de mil novecientos setenta y nueve se remitió Edicto al Ayuntamiento de Castro de Rey, poniendo en conocimiento de los posibles interesados la incoación del expediente de clasificación, a fin de que pudieran comparecer e intervenir en él en defensa de sus derechos e intereses,

RESULTANDO que el veinte de Junio de mil novecientos ochenta se recibió Certificación del Ayuntamiento de Castro de Rey en el sentido de que el monte "DE ARRIBA Y DE ABAJO" no figuraba en el Inventario de Bienes del Ayuntamiento, ni existía inscripción alguna en el Registro de la Propiedad, ni Consorcio con la Administración Forestal,

RESULTANDO que el veinte de Junio de mil novecientos ochenta se recibió Certificación del Ayuntamiento de Castro de Rey relativa a la permanencia del Edicto al público durante el espacio de quince días,

RESULTANDO que no se recibió reclamación alguna contra la clasificación del citado monte,

RESULTANDO que la instrucción del expediente se ha llevado a cabo conforme con los trámites establecidos en la Ley y Reglamento de Montes Vecinales en Mano Común, así como en la Ley de Procedimiento Administrativo,

Vistas las citadas Leyes y Reglamento y

CONSIDERANDO que el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común tiene competencia y jurisdicción para conocer el expediente provido por la Administración Forestal, con capacidad y legitimación para ello, habiéndose formulado la iniciación y tramitación del expediente en lugar, forma y tiempo,

CONSIDERANDO que conforme con la Propuesta del Instructor, en el monte "DE ARRIBA Y DE ABAJO" hay dos parcelas, una al Norte de Gobierno y otra al Sur, que vienen siendo aprovechadas por los vecinos de la parroquia, por su condición de tales, de forma mancomunada e indivisa, constituyendo una comunidad de tipo germánico, por lo que reviste el carácter de vecinal en mano común, a tenor de lo dispuesto en el artículo uno de la Ley 55/80, de 11 de Noviembre,

CONSIDERANDO que el resto de los montes de la parroquia están partidos y con aprovechamientos individualizados, por lo que no tienen tal carácter,

este Jurado Provincial, a la vista de los antecedentes y consideraciones reseñadas y conforme con la Propuesta del Sr. Vocal Instructor, acuerda:

1º.- CLASIFICAR como en mano común el monte de las siguientes características:

Nombre: "DE ARRIBA Y DE ABAJO":  
Superficie: 60 Hás.  
Pertenece: Vecinos de la parroquia de Gobierno  
Término municipal: Castro de Rey.

2º.- Que se remita Certificación de esta Resolución firme al Sr. Registrador de la Propiedad, para la inscripción del monte a nombre de la Comunidad titular del mismo, conforme a lo dispuesto en el artículo 30 del Reglamento de Montes Vecinales en Mano Común.

Prov.º	Munic.º	Comunidad Prop.º	N.º monte
LU	10	11	1

CLAVE DEL MONTE

### 3.- ESTADO FISICO

Ref. Indiv.

#### 3.1 SITUACION, ALTITUD, ACCESOS.

Estos montes de la parroquia de GOBERNO están formados por dos parcelas independientes, separadas entre sí por las fincas particulares del centro de la parroquia:

- El llamado "Monte D.º ABAJO" en la esquina S.O. del término parroquial, integrado a su vez por los llamados "Vilariño", "Carballoso" y "Marco Novo"
- El llamado "Monte D.º ARRIBA", en la esquina NE del término parroquial, integrado a su vez por los llamados "Picato", "Rego Fungado", "COVAs", "A Pena", "Vedro Pequeno", "Caseta" y "Cadaval"

El terreno es poco accidentado, con pendientes bastante suaves, y altitudes comprendidas entre los 474 y 546 m.

Los únicos accesos directos son los caminos de servicio desde los pueblos, a los que se llega por caminos vecinales enlazados con la carretera de Castro de Rey a Rego das Agullas.

#### 3.2 SUPERFICIE.

En conjunto, 215 Has., obtenidas mediante planime trado sobre 1/25.000.

#### 3.3 LINDEROS.

Los del término parroquial son:

N.º - Términos de las parroquias de Quintela y Santa Leocadia.

Prov.*	Munic.*	Limite Prop.*	N.º monte
LU	10	11	1

Ref. Índice

CLAVE DEL MONTE

3.3

- E.- Términos y montes de la parroquia de Azúmara.
- S.- Términos de la parroquia de Balmonde, y términos y montes de la parroquia de Ansemar.
- O.- Monte "Coutado" de la parroquia de Bendia.

3.4

DESCRIPCION DEL PERIMETRO.

Los únicos límites destacables en los perímetros de estos montes de la parroquia de GOBERNO son:

- El D'ARRIBA divide por el E. según la cumbre de la loma divisoria entre parroquias, con los Rego de Paredes, Chimenea y Rego de Vitorna de la parroquia de Azúmara.
- El D'ABAJO divide por el S. con el "Coutado" de la parroquia de Bendia, según una línea de marcos que de N. a S. va de Pena Parda, por Campelos hasta Alto de Vilarinho, y por el S. con "Gándara de Castro" de la parroquia de Ansemar según una línea de marcos que de O. a E. baja de Alto de Vilarinho a Rego Naveiro.
- Por el resto de los aires, ambos montes, siguen la poligonal del cierre de las fincas particulares.

3.5

OBSERVACION SOBRE LIMITE CON FINCAS PARTICULARES

El límite de estos montes de la parroquia de GOBERNO con fincas particulares no puede ser muy preciso si se tiene en cuenta que algunas de éstas ocupan antiguos terrenos del monte comunal. En consecuencia, se ha llegado con los límites de éste hasta donde existe seguridad o duda razonable de que puedan pertenecer al mismo.

En el caso de que estos montes llegaran a ser calificados como vecinales en mano común, tal vez resulte necesario un deslinde parcial en tal coincidencia con particulares, siguiendo los mismos criterios tenidos en cuenta en tal calificación.





**XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.**

**Expediente nº: 1/2013.**

**RESOLUCIÓN**

**PRESIDENTE (en funcións):**  
**D. Ramón Rozadillas Valverde**

**VOGAIS:**  
**D. David Díaz Losada**  
**D. José Antonio Rojo Fernández**

**SECRETARIA:**  
**Dña. Lucía Belver Quiroga**

Na cidade de Lugo, o día 27 de novembro de 2013, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na sala de xuntas da Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural, adoptou a seguinte **RESOLUCIÓN**

Visto no día da data o expediente número 1/2013 para a posible clasificación como veciñal en man común do monte **DE GOBERNO (AMPLIACION)**, no concello de **CASTRO DE REI**, iniciado por acordo do Xurado do 29 de xaneiro de 2013, sendo vogal instrutora **DNA. LUCIA BELVER QUIROGA**, e resultando os seguintes:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**PRIMEIRO:** Aceptado o cargo pola vogal instrutora (con data do 21 de febreiro de 2013), iniciouse o expediente número 1/2013 (a instancia de **D. Manuel Seijas Vázquez, como presidente da xunta rectora de Goberno**), poñendo como encabezamento do mesmo a certificación da ACTA da sesión do Xurado, na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do vogal instrutor.

**SEGUNDO:** Con data 5 de marzo de 2013, recadouse do Servizo de Montes na Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural e do Mar, certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **LUGO**.

**TERCEIRO:** Con data 11 de marzo de 2013, recibíuse certificación do Servizo de Montes na Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural e do Mar, na que se fai constar que o monte **DE GOBERNO (AMPLIACION)**, non figura incluído no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **LUGO**.

**CUARTO:** Con data 15 de marzo de 2013, solicitáronse do Rexistro da Propiedade nº 2 de **Lugo**, os documentos seguintes:





1º) certificación dos asentos que poidan afectar ao terreo en cuestión e que acredite o nome das persoas a favor das que estea inscrito, expresando título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase inscritas ou anotadas e que estean vixentes na actualidade segundo os asentos.

2º) certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

**QUINTO:** Con data 18 de abril de 2013, recibíuse certificación do Rexistro da Propiedade de Lugo, na que se fai constar, que co nome de MONTE DE ARRIBA E DE ABAIXO, sito na parroquia de Goberno, concello de Castro de Rei, non consta ningunha finca inscrita; que as parcelas 501 e 472 do polígono 5, tal como se describen, non constan inscritas nese Rexistro.

**SEXTO:** Con data 22 de abril de 2013, comunicóuselle ao Servizo Provincial de Montes na Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural e do Mar, a iniciación do expediente.

**SÉTIMO:** Con data 22 de abril de 2013, comunicóuselle ao concello de **CASTRO DE REI** a iniciación do expediente e remitíronselle **EDICTOS** para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia aos que pertence o devandito monte.

**OITAVO:** Con data 22 de abril de 2013, comunicóuselle ao Rexistro da Propiedade de Lugo, a iniciación do expediente e solicitouse a **ANOTACIÓN PREVENTIVA**.

**NOVENO:** Con data 22 de abril de 2013, comunicóuselle a iniciación do expediente a **D. MANUEL SEIJAS VAZQUEZ** como solicitante da clasificación.

**DÉCIMO:** Con data 22 de abril de 2013, remitiuse **EDICTO** para a súa publicación no **D.O.G.**, poñendo en coñecemento de tódolos interesados a iniciación do expediente, co fin de que puideran comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

**DÉCIMO PRIMEIRO:** Con data 8 de maio de 2013, aparece publicado o **EDICTO** no **D.O.G.** número 88, páxina 15.297, polo que se pon en coñecemento público a iniciación do expediente de clasificación do monte **DE GOBERNO (AMPLIACION)**.

**DÉCIMO SEGUNDO:** Con data 27 de xuño de 2013, recibíuse certificación do concello de **CASTRO DE REI**, na que se fai constar que o **EDICTO** estivo exposto no taboleiro de anuncios dese concello durante un período de 30 días.

**DÉCIMO TERCEIRO:** Con data 22 de agosto de 2013, recibíuse comunicación do Rexistro da Propiedade de Lugo, na que se fai constar a anotación preventiva realizada (letra A, predio 14.499, libro 110 do concello de Castro de Rei, folio 58, tomo do arquivo 1.164).

**DÉCIMO CUARTO:** Con data 14 de outubro de 2013, comunicóuselle ao presidente da xunta rectora, o dereito da comunidade de veciños á elección de dous representantes, que poderán asistir ás reunións do Xurado nas que se estude o expediente do monte **DE GOBERNO (AMPLIACION)**, (con voz pero sen voto).

**DÉCIMO QUINTO:** Non se recibiron alegacións durante a tramitación do expediente.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO





XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL  
DE LUGO

Xefatura Territorial da Consellería  
do Medio Rural e do Mar

Ronda da Muralla, 70  
LUGO

galicia

1º.- O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdición para coñecer o expediente, séndolle atribuída tal competencia polo artigo 9 da Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

2º.- Examinada a documentación obrante no presente expediente, e posto que non consta que se teña presentado alegación algunha en contra da clasificación, cabe manter o comprobado no estudio previo realizado na elaboración da carpeta-ficha polo Servizo de Montes, aceptando a proposta do instrutor.

Atendendo, ao tipo de aproveitamento comunitario que presenta, considérase que o monte **DE GOBERNO (AMPLIACION)**, reviste o carácter de veciñal en man común conforme ao disposto no artigo 1 da devandita Lei.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, **RESOLVE**:

**CLASIFICAR** como veciñal en man común o monte das seguintes características:

Nome: **DE GOBERNO (AMPLIACION)**  
Pertenza: veciños da parroquia de GOBERNO.  
Parroquia: GOBERNO.  
Concello: **CASTRO DE REI.**  
Superficie: **10 hectáreas, 35 áreas e 88 centiáreas.**

**Estremas:**

**Parcela 501, do polígono 5:**

Norte: Pista de concentración parcelaria de Goberno.

Sur: Pista de concentración parcelaria de Goberno e M.V.M.C. de Goberno (exp. 36/79), todas no polígono 5.

Leste: Predios particulares de Adolfo Tella Rego (parcela 502), M<sup>a</sup> Josefa Pacio Campo (parcela 503), todas no polígono 5.

Oeste: Pista de concentración parcelaria de Goberno.

**Parcela 462, do polígono 5:**

Norte: Predios particulares de Olivia García Pena, Sergio Fernández Rodríguez (parcela 463), Antonio Estea García, Modesta Fernández Rodríguez (parcela 464).


Sur: Predios particulares de Constantino Vila Barreiro, Leovigildo García Fernández (parcela 460) e pista de concentración parcelaria de Goberno todas no polígono 5.





Leste: Predios particulares de Serafín Fernández Cobas, Magdalena Rubio González (parcela 459), todas no polígono 5, e M.V.M.C. de Goberno (Exp. 36/79).

Oeste: Pista de concentración parcelaria de Goberno.

A superficie total de monte clasificado nesta parroquia de GOBERNO, despois desta ampliación, ascende a **55 hectáreas, 65 áreas e 48 centiáreas**, de conformidade co recollido no **apartado 7 (conclusións)** da nova carpeta-ficha, na que tamén figura o esbozo definitivo do monte.





 <b>XUNTA DE GALICIA</b>	<small>CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR Departamento Territorial de Lugo Servizo de Montes</small>	
<b>Escala: 1: 15.000</b>		<small>○ enxeneiro de montes</small>
 <b>M.V.M.C. de Arriba e Abaixo</b> <small>(Superficie: 55 hectáreas, 65 áreas e 48 centiáreas).</small>		<small>Asdo.: Fernando Rengifo Méndez-Nuñez</small>



Lucía Belver Quiroga, secretaria do xurado provincial de montes veciñais en man común,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **30 de novembro de 2015**, figura o seguinte acordo:

<< **4. Varios:**

n) Monte **GANDARAS DE CASTRO, COUTADO E CAMPELA** (expediente 44/79), pertencente aos veciños da parroquia de **BENDIA**, no termo municipal de **CASTRO DE REI**, e clasificado como veciñal en man común por resolución do Xurado Provincial con data 1 de decembro de 1980 e monte **DE ARRIBA E DE ABAIXO** (expediente 36/79), pertencente aos veciños da parroquia de **GOBERNO**, no termo municipal de **CASTRO DE REI**, e clasificado como veciñal en man común por resolución do Xurado Provincial con data 14 de decembro de 1981. Con data 23 de xuño de 2015, ten rexistro de entrada escrito de Daniel Pollán Cabana, como presidente da comunidade de Goberno, achegando un acordo de **deslindamento de avinza** practicado entre estas comunidades, en canto ás liñas divisorias que separan os dous montes, aprobado mediante acto conciliatorio celebrado o 1 de abril de 2015, perante o Xulgado de Paz de Castro de Rei; xuntan acta do deslindamento, planos topográficos, acta de conciliación levantada no Xulgado e certificacións de aprobación por parte das comunidades implicadas. Dado traslado do devandito deslindamento ao Servizo de Montes, o 30 de outubro de 2015 emite un informe no que se especifican as modificacións de superficie que se producen como consecuencia da avinza. O monte **GANDARAS DE CASTRO, COUTADO E CAMPELA** queda cunha superficie de 221,04 hectáreas, e o monte **DE ARRIBA E DE ABAIXO** cunha superficie de 56,7 hectáreas. Examinada a documentación presentada, o Xurado, por unanimidade, **ACORDA**, aprobar o deslindamento por avinza practicado, e proceder ás oportunas modificacións nos expedientes respectivos. >>


E para que conste, para a súa remisión **a parte interesada**, e sen prexuízo da ulterior aprobación da **ACTA** da sesión á que se fai referencia, expido este certificado co visto e prace do xefe territorial da Consellería do Medio Rural, presidente do xurado.

Lugo, 3 de decembro de 2015



V. e pr.  
O xefe territorial  
Presidente do xurado

José Ramón Losada Fernández.



 <b>XUNTA DE GALICIA</b>		CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR Departamento Territorial de Lugo Servicio de Montes			
Plano de: Deslindamento por avinza entre os montes de Gándaras de Castro, Coutada e Campela (exp 44/79) e o de Arriba e Abaixo (exp 38/79) no concello de Castro de Rei		Monte: Gándaras de Castro, Coutada e Campela e monte de Arriba e Abaixo Superficie final de Bendia 221,04 Ha Superficie final de Goberno 56,7 Ha		Municipio: Castro de Rei	
Escala: 1:15.000		Plano nº5. Monte resultante de Arriba e Abaixo			
				Área de Montes Veciñais Lugo, 30 de outubro de 2015  Santiago Fraga Sáenz Enxeñeiro de Montes	



Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **8 de novembro de 2018**, figura o seguinte acordo:

*Monte DE ARRIBA E DE ABAIXO (expedientes 36/79 e 1/2013), pertencente aos veciños da parroquia de GOBERNO, e monte REGO DE PAREDES, CHIMENEA, REGO DE VITORNA E OS MADORROS E DO QUINTO (expediente 37/79), pertencente aos veciños da parroquia de AZÚMARA, ambos no termo municipal de CASTRO DE REI. O día 24 de maio de 2018, ten rexistro de entrada escrito de Daniel Pollán Cabana, como presidente da comunidade de Goberno, achegando un acordo de deslindamento de avinza practicado entre estas comunidades, en canto ás liñas divisorias que separan os dous montes, aprobado mediante acto conciliatorio celebrado o 16 de marzo de 2018, perante o Xulgado de Paz de Castro de Rei; xuntan acta do deslindamento, planos topográficos, acta de conciliación levantada no Xulgado e certificacións de aprobación por parte das comunidades implicadas. Dado traslado do devandito deslindamento ao Servizo de Montes, o 6 de xullo de 2018 emite un informe (núm. 49/18) no que se especifican as modificacións de superficie que se producen como consecuencia da avinza. O monte DE ARRIBA E DE ABAIXO queda cunha superficie de 56,7 hectáreas, e o monte REGO DE PAREDES, CHIMENEA, REGO DE VITORNA E OS MADORROS E DO QUINTO, cunha superficie de 85,1 hectáreas. Examinada a documentación presentada, o Xurado, por unanimidade, ACORDA aprobar o deslindamento por avinza practicado, e proceder ás oportunas modificacións nos expedientes respectivos.*

Para que conste, expido este certificado co visto e praxe da xefa territorial da Consellería do Medio Rural, presidenta do xurado.


ah)



627000 627500 628000 628500 629000 629500 630000 630500 631000

Puntos deslinde "Goberno-Azúmara"  
 Coordenadas UTM 29N - ETRS89

PUNTO	X	Y
1	630105,1	4783026,7
2	630121,1	4782882,0



627000 627500 628000 628500 629000 629500 630000 630500 631000 ETRS89 - UTM 29N

**XUNTA DE GALICIA** CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
 Xefatura Territorial de Lugo  
 Servizo de Montes

Plano de:  
 Deslinde por avizna entre os montes veciñais en man común De Arriba e De Abaixo (exp 36/79) e Rego de Paredes, Chimenea, Rego de Vitorna e os Madorros e Do Quinto

Monte: De Arriba e De Abaixo  
 Pertenza: Veciños de Goberno  
 Concello: Castro de Rei  
 Superficie previa: 56,7 ha  
 Superficie posterior: 56,7 ha

Monte: Rego de Paredes, Chimenea, Rego de Vitorna e os Madorros e Do Quinto  
 Pertenza: Veciños de Azúmara  
 Concello: Castro de Rei  
 Superficie previa: 85,1 ha  
 Superficie posterior: 85,1 ha

Escala: 1:12.000  
**PLANO 1: PROPOSTA DE DESLINDE POR AVIZNA**

Viso e prace  
 O xefe do Servizo de Montes  
 Carlos Vázquez Díaz

A enxeñeira técnica en topografía  
 Lugo, 6 de xullo de 2018  
 Sonia Villaverde Vieites

■ 36\_79-1\_2013\_Goberno\_previo  
■ 37\_79\_Azúmara\_previo  
▲ Puntos deslinde  
▲ Deslinde por avizna Goberno-Azúmara